

Textos a partires do debate do mapa 2, no venres 8 de febreiro 2013, aula 2.

(segundo a orden alfabética do primeiro apelido)

Maika Aguado Taboada.

Comezamos a análise do mapa conceptual, descifrando os significados dos diferentes termos que aparecen e relacionándoos entre si. Dende o principio observamos tres grandes planos desde os que se desenvolve a comunicación comunitaria: o do espazo, o de relación e o do discurso. Así empezamos a organizar outras tantas nubes que á vez incluían os conceptos inherentes a cada un deles, o 1º: territorio, cobertura... o 2º: participación, interese... e o 3º: alternatividade, apropiación... Seguindo esa orde -e sempre segundo o punto de vista de cada un- continuamos tirando vectores dunha nube a outra e dun concepto a outro, que semellaban -ao noso xuízo- ter relación entre eles, e mesmo con algúns termos recollidos no mapa 1.

O comezar a manexar estes valores, e os seus significados no ámbito da comunicación comunitaria, íamos instintivamente posicionándonos de xeito individual, mentres achegabamos os nosos puntos de vista particulares. No decurso desa posta en común, xurdiu o elemento que daría orixe ao debate: Internet e as novas tecnoloxías. Se cadra, tal e como vostede apuntou, nos centramos excesivamente neste discurso, e apenas houbo tempo para extraer conclusións ou achegar aportacións novidosas.

Puntos de fricción do debate:

Es canto a liña argumental dos diferentes grupos e os seus posicionamentos, digamos que houbo opinións enfrontadas entre as vantaxes das novas tecnoloxías e os xeitos de comunicación tradicional. Falamos das súas contrapartidas e en xeral seica estabamos de acordo, e dicir, calquera de nós podería defender con igual rigor e entusiasmo un ou outro posicionamento. En ámbalas dúas teses hai, como cabe esperar, pros e contras e supoño que o máis intelixente e produtivo e tomar o mellor de cada unha delas. A nosa elección estará determinada polas características e a natureza dos servizos que nos prestan, e das esixencias e gustos persoais de cada individuo. Supoño que desde o punto de vista global de comunicación, sería pouco recomendable ancorarse en exceso tanto no pasado coma na modernidade. Non creo, por outro lado, que gozar da lectura dun xornal, dun libro, dunha carta manuscrita ou dunha conversa cara a cara, sexa menos intelixente que permanecer horas diante dun ordenador, e tampouco creo que menoscabe a nosa capacidade comunicativa. En conclusión, non existe ningunha xerarquía a propósito da conveniencia de utilizar calquera soporte ou medio que poida satisfacer as nosas necesidades de información e de comunicación.

Elba de la Barrera Agulló.

O meu grupo e máis eu baseamos o debate nos límites ou barreiras que existen para que os conceptos amosados no segundo mapa non se combinen de xeito adecuado e por tanto non se produza unha comunicación, entre os interlocutores, de xeito idóneo.

Centramos o noso discurso na idea da participación sendo esta limitada polo territorio e a accesibilidade condicionando deste xeito o interese . A modo de exemplo podemos dicir que ante a curiosidade ou interese que un acontecemento esperte nun comunicador xorde a necesidade de participar , isto é de elaborar un discurso, de difundir ou comunicar .Porén, a pesar do cumprimento destes dous conceptos imprescindíbeis no acto comunicativo existen á súa vez barreiras ou impedimentos que verán coartadas as nosas inquedanzas de transmisión; o territorio e a existencia de límites xeográficos como pequenas zonas rurais (Serra do Courel,..)con menor capacidade de recepción e emisión cara o resto do mundo ;o acceso ás fontes , o lugar dos feitos ,...Tamén a forma que poida cobrar o estado pode cortar as poderosas ás da palabra , da comunicación.É sabido que determinados estados non democráticos instauran importantes barreiras á libre circulación de feitos por medio da censura;pois é unha forma de controlar un estado.

Non obstante nos últimos tempos esta problemática tocou fin en gran medida grazas a aparición dunha ferramenta que cambiaría definitivamente a formula tradicional de comunicación: as novas tecnoloxías. Tecnoloxías que rompen sen lugar a dúbidas numerosas barreiras comunicacionais xerando un novo espazo de macrodimensións, un espazo virtual e abstracto onde non existen fronteiras limítrofes ...Sí, estamos a falar da novidosa web 2.0.

Fronte o postulado do outro grupo nós consideramos esta nova ferramenta como unha potencial fonte de empatía, como unha inconmensurable plataforma de libre acceso que consegue implicar a persoas totalmente diferentes (país,idade, estrato social) vinculadas por algún tipo de problemática común . A modo de exemplo o movemento multitudinario promocionado por medio das redes sociais:O 15-M.

En definitiva debemos falar con concepto transformación , o mundo está a mudar , a globalización é xa un fenómeno latente na nosa cotiá vida .Ferramentas comunicativas coma as novas tecnoloxías serven de ponte e poden crear lazos. Aumentan pois as nosas posibilidades de comunicación ;nós accedemos ó mundo e o mundo accede a nos.

Juan Gallego Estremera

O grupo do que eu formei parte (Elba de la Barrera, Álvaro Inglés, Juan Gallego) defendeu a tese de que a internet esnaquizou o concepto que se tiña de comunidade e de comunicación.

No propio mapa conceptual que serviu de punto de partida para o debate (mapa 2) viamos que a relación apóiase en catro piares: interese, participación, proximidade e acceso. Dos catro, hai un que se erixe en factor limitante: o acceso. Grazas á tecnoloxía, xa non o é. A internet marcou un antes e un despois tanto na comunicación como na definición de comunidade. Non hai límites territoriais, non importan as distancias, nin sequera é necesario coñecerse persoalmente.

¿Que defendeu o grupo formado por Maica Aguado, Silvia Troncoso e Daniel Viña? Que non hai nada novo baixo o sol. Reduciron a tecnoloxía a simples aparellos que poden enriquecer as canles de comunicación ou ensanchar o perímetro da comunidade, pero sen alterar o fondo das cousas.

Seica o profesor Marcelo Martínez quere que miremos máis aló da internet. Seguro que ten razón. Posiblemente algúns estamos deslumbrados polas (novas) tecnoloxías. Poño as parénteses porque de novas teñen un pouco menos cada día que pasa. Chegará o momento que asumamos con naturalidade a súa presenza e as súas posibilidades. Hoxe ninguén se para a mirar un tren nin levanta a vista se pasa un avión polo ceo, como fixeron os nosos bisavós. Cando chegue ese momento seguirá a ser importante para nós a nosa comunidade, e a comunicación seguirá a ser unha necesidade primaria. Como foi para os nosos bisavós.

Álvaro Inglés Paz.

Ambos grupos llegamos al debate con una idea bien clara: aquello que estaba descrito en el mapa conceptual debía explicarse a través de las nuevas tecnologías. Mi grupo defendió la idea que las barreras en la comunicación eran menores con una conexión a Internet. Por la otra parte, el otro grupo expuso sus dudas en cuanto los beneficios de la comunicación cibernética y sus peligros.

El debate se centró en estos asuntos casi de forma exclusiva, dejando a un lado ideas tan interesantes como el la importancia de un código común ligado a un territorio (comarcal, regional, un barrio).

Aunque el intercambio de ideas fue interesante, debemos destacar algunos puntos, sobre todo el de la empatía. Internet ha abierto las puertas a una nueva forma de comunicación que permite a los usuarios informarse con más precisión pero, sobre todo, reunirse. Reunirse por sus gustos particulares (p.e. Un foro de aficionados a un determinado videojuego) o incluso unir fuerzas en causas (grupos profesionales, de opinión, etc.). La comprensión de otros mundos, el intercambio de formas de entender la realidad rompen con las barreras tradicionales.

Sería interesante seguir profundizando en esta discusión pero antes comprender todo lo que rodea a la comunicación en comunidad, sobre todo el nivel de participación real que tienen los individuos o la forma en la que nuestro entorno dirige nuestro discurso y nuestro imaginario personal.

Silvia Troncoso Costas.

Juan, componente del grupo opuesto, interpreta el mapa 2 como el reflejo de las limitaciones en cuanto a la comunicación en una comunidad. Plantea esto como un problema neutralizado gracias a la comunicación web. Aquí comienza el debate ya que en mi grupo entendemos la cibercomunicación como un complemento que no amplía la comunicación en sí, ya que está limitada y viciada por el ruido. A nuestro parecer, la web crea una comunidad distinta y artificiosa que rompe las barreras territoriales, pero a través de la pérdida de valores fundamentales como los gestos y los guiños que es imposible reflejar con palabras o imágenes.

Su postura, sin embargo, defendía que internet ha marcado un antes y un después en la comunicación, ampliándola por encima de los límites que se creía impuestos.

Al margen del tema web, relacionamos los términos Cobertura y Proximidad en tanto que la cercanía geográfica de un hecho sustenta mayor atención y requiere mayor cobertura. Por otro lado, también está la cercanía "empática" a un hecho concreto, es decir, cuando tenemos Conocimiento o relación con el suceso o los afectados, lo que también influye en la proximidad, el interés y, por tanto, en la cobertura.

Daniel Viña Teijo.

Estes son os puntos que considero máis relevantes das conversas que mantivemos para o debate:

- Que o tema das novas tecnoloxías acaparara tanto tempo foi froito da relación que atopamos entre esta idea e o termo «alternatividade». Internet constitúe un medio de comunicación onde no teñen presenza os grandes grupos de comunicación, pero tamén outros que nada teñen que ver con eles e para os que supón unha vía de entrada para poñerse en contacto coa comunidade.
- Por parte do outro grupo defendeuse que os cambios tecnolóxicos facilitaron unha comunicación global con infinitas posibilidades de interacción. Pola outra banda, eu defendo que, pese a que esa teoría é certa, na práctica as nosas relacións virtuais lévanse a cabo coas mesmas (ou practicamente as mesmas) persoas coas que o facemos cando non estamos diante do teclado. Facilita comunicarnos máis con esas persoas, pero esa teórica capacidade infinita de interacción con persoas de todo o mundo queda lastrada pola sobrecarga de información que iso suporía, ademais de que faltaría un coñecemento básico sobre esa persoa, para saber desde que perspectiva lanza a súa opinión.
- Os nosos compañeiros tamén lanzaron a idea de que na rede a persoa transfórmase nun avatar, cambiando as súas pautas de comportamento para adaptarse a unha personalidade que non é a súa propia. Non só penso que isto non é certo (seguramente o que se potencia cando estamos na rede é o pensamento e personalidade propias), senón que tal cousa

invalidaría a súa hipótese de infinita interacción. Se cada un se agocha tralo manto do anonimato cunha personalidade que non é a súa, ¿que interese ten a posibilidade de interactuar con el, se o que afirma non é o que realmente pensa?

- Entre nós falamos da relación de conceptos co mapa 1, especialmente no tocante ao «acceso», que apreciamos ligado co termo «participación», e o «recoñecemento», relacionado coa «institucionalización» dos medios.
- Tamén reflexionamos sobre a «cobertura» e a «proximidade». É evidente que un feito próximo xeograficamente despertará máis interese na comunidade e, polo tanto, será máis cuberto que outro que se produza na outra punta do globo, pero ese interese vén tamén marcado polo coñecemento que se ten sobre o lugar. Aumentando a cobertura de feitos, estes transfórmanse en próximos (aínda que non sexa fisicamente) e teñen máis interese.